

2020-2021

Dossier informativo



MITIC EL ESPECTÁCULO

"Deixa que a gaita che conte a banda sonora da túa vida"

MITIC

A GAITA EN EXPANSIÓN

CANDO PENSAMOS EN GALICIA VEÑEN Á NOSA MENTE NUMEROSAS IMAXES: A CHOIVA, A GASTRONOMÍA, O MAR... ENTRE TODAS ESAS COUSAS, ATOPAMOS UN INSTRUMENTO POTENTE E CARACTERÍSTICO: A GAITA....PERO NESTA OCASIÓN, CUN OBXECTIVO E UNHA PROPOSTA DIFERENTE, MÁIS ALÓ DA SÚA CONSERVACIÓN E PERPETUIDAD....A SÚA EVOLUCIÓN CARA A NOVOS PÚBLICOS.



“VIGO EN FESTAS”, “FESTAS DE SAN FROILÁN”, “FESTAS DÁ PEREGRINA” EN PONTEVEDRA, “FESTIVAL DA LUZ”, “FESTAS DE SAN SATURIO” EN SORIA, “DÍA DE GALICIA” EN ZARAGOZA...E A INELUDIBLE E DO NADAL GALA MITIC NO TEATRO AFUNDACIÓN DE VIGO, QUE POR TERCEIRO ANO CONSECUTIVO ESGOTA AS SÚAS ENTRADAS SEMANAS PREVIAS Á DATA; SON ALGUNHAS DAS INESQUECIBLES AVENTURAS QUE LLE DAN VIDA A UN ESPECTÁCULO SORPRENDENTE, INNOVADOR E ENTRAÑABLE.

OS INICIOS

O Show empezou a xestarse a primeiros de 2016, cando os irmáns Álvaro e Suso Costas, a pianista Cris Macías e o flautista Iago Lariño, deciden reunir nunha mesma escena a 17 dos mellores artistas do panorama, formando unha “mini orquestra” para os temas máis sinfónicos, e unha auténtica banda de Rock no mesmo concerto, coroados pola gaita galega de Álvaro Costas. Coa única intención de descubrir novos límites, poñela a proba como instrumento e integrala na música universal abordando novos públicos. A sorprendente proposta dun espectáculo innovador preséntase cun rotundo éxito no Auditorio do Concello de Vigo e posteriormente en grandes cidades como Madrid, Zaragoza, Xixón e Santander, co respaldo e patrocinio de Viaxes Interrias, Monbus e Cervexa 1906 Reserva Especial, contando con MITIC para incluír o espectáculo nunha xira dentro do círculo “A nosa interpretación máis persoal”, que reuniu a numerosos artistas cunha proposta única, virtuosa e carismática



O OBXECTIVO

MITIC cumpría así o seu obxectivo de sacar a gaita galega máis aló dos seus adeptos e mostrar o seu potencial... Xa na súa volta a Galicia, regresa cun contundente e rodado directo xestándose unha xira inminente polas principais cidades galegas e formando parte da programación das súas festas. Cun espectáculo deseñado para exteriores, dirixido expresamente a todos os públicos, indiferentemente dos seus gustos musicais ou idade.....Un show para todos!

MITIC é, dalgunha forma, un espectáculo que reivindica unha segunda oportunidade aos “gaitafóbicos”.


INNOVANDO COS TEMPOS

Fieis á idea da gaita universal e para os que aínda non caeron na redes de MITIC, creamos a primeira gaita galega funcional LED da historia. Construída en metacrilato (inmune á humidade), con circuío arduino integrado e sistema operativo con controlador Wifi, respectando con fidelidade o son orixinal da gaita.

Producindo un impacto visual no público, decididos a escribir unha nova páxina na historia do noso instrumento.



Este proceso foi levado a cabo grazas a un excelente equipo de profesionais formado por Suso Costas (idea orixinal e deseño integral), Obradoiro de gaitas Gil, Guillermo Cabirta (enxeñeiro informático) e Jesús Ramos (enxeñeiro electrónico).



6 de decembro do 2019, durante a terceira edición da exitosa Gala de Nadal de " MITIC o espectáculo" no teatro Afundación, inmersa no flamante Nadal de Vigo e #ante o público que nos viu nacer.

SINOPSIS

O primeiro espectáculo musical encabezado por unha gaita, onde este rompe a etiqueta de "tradicional" para converterse no violín de "Candilejas", na guitarra de Brian May ou na voz de Frank Sinatra co seu inesquecible "My way". Un paseo de 120 minutos polo pasado e o presente. Evocando os anos 30, mentres nos fan bailar un tango ao son de "O día que me queiras" ou emocionarnos lembrando a Escarlata O'Hara co "Tema de Tara".



Os anos 60 lévannos á xanela de Audrey Hepburn e o seu inesquecible "Moon River" e á chegada do Pop da man dos Beatles.

Un show para todos os públicos, onde non quedarán indiferentes os máis rockeiros ao escoitar os primeiros acordes ochenteros de "The Final Countdown" e vibrar ao son de Guns N' Roses. Tampouco aqueles nenos que voaron con E. T na súa bicicleta ou viviron aventuras nunha Galaxia moi afastada... MITIC convídanos a unha viaxe audiovisual que ten á gaita como figura principal, pretendendo calar no público coa forza e a intensidade que lles son propias a este instrumento de tradición celta. De MITIC podemos esperar dúas horas de emocións, cunha gaita en alza que rompe coas barreiras do tradicional, afastándose do folk e penetrando en xéneros como o pop, o rock, o cinema, ou a ópera... Un bombardeo de sentimentos e sensacións a cada un dos espectadores.

ELENCO DE ARTISTAS

Álvaro Costas: Gaita

Suso Costas: Percusión

Cris Macías: Pianos E coros

Pachi Cruz: Baixo e Contrabaixo

Adolfo F.H: Guitarras

Michi Araujo: Guitarras

Jacobo Fernández: Teclados e coros

Laura Taka: Coros

Darío Carrera: Coros

André Pérez: Percusión

Loida Díaz: Violín

Edu Rey: Violín

Alex Costas: Cello

Andrés Chavete: Trompeta

Noé Viamonte: Trombón

David Nogueira: Saxo e clarinete



COLABORADORES

Fran Vázquez: Voz

Diana Tarín: Voz

Banda de gaitas "Rede Gaita"

Compañía de baile

Orquesta clásica

Coro clásico





MITIC EL ESPECTÁCULO



CONTACTO:
miticelespectaculo@gmail.com
+34 640 219 041
+34 667 785 420